

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de marzo de 2008**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de marzo de 2008, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/08, do 29 de febreiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.401 á nº 2.300, de 2008.](#)

Promoción Económica, Emprego e Turismo

[3.-Modificación do cadro de actuacións da cuarta anualidade do Plan de dinamización da Costa da Morte.](#)

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[4.-Aprobación do proxecto reformado do modificado nº 1 do ensanche e mellora do trazado, seguridade viaria e afirmado da E.P. 3002 da Moura a Bens, A Coruña \(código 0511300018.0\) \(código do reformado 0511300018.1\).](#)

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

[5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación do centro cívico social e Biblioteca do Castrillón” do Concello da Coruña, incluída no Plan de grandes cidades 2005, código 05.3220.0001.0.](#)

Cooperación e Asistencia a Concellos

[6.-Aprobación da solicitude de subvención ao Ministerio de Administracións Públicas e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o proxecto denominado “Concellos 2ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña” que se integra no Plan de modernización 2008.](#)

[7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento en Luou” do Concello de Teo incluída no POS 2006. Código: 06.2100.0338.0.](#)

Economía, Facenda e Especial de Contas

[8.-Dar conta do expediente que contén a liquidación do Orzamento do exercicio 2007 do Consorcio contra Incendios e Salvamento da provincia da Coruña.](#)

9.-Dar conta dos expedientes de aprobación dos orzamentos do exercicio 2008 do Consorcio contra Incendios e Salvamento da provincia da Coruña e da Fundación Pública da Axencia da enerxía da provincia da Coruña e do informe da Intervención Xeral.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cincominutos, o Sr. Secretario xeral procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/08, DO 29 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/08, do 29 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1.401 Á Nº 2.300, DE 2008.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.401 á nº 2.300, de 2008.

3.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “
1. MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA CUARTA ANUALIDADE DO PDT COSTA DA MORTE.

1.1 Actuacións que experimentan baixas na cuarta anualidade

ACTUACIÓNS	Nº OPERACIÓN	DOCUMENTO CONTABLE	BAIXAS
RC	2.2007 0020193	RC	662,71
RC	2 .2006 9000021	RC	650,16
Rest. Mobil. Museo Forno do Forte	22 003 00 26 111	A	23.508,00
PDT Costa da Morte. Iluminación	22 004 00 16 690	A	5.000,00
Aproba. Contra. Redac. Prox. Iluminación.	22 005 00 38 903	A	5.000,00
Mobiliario e Accesos	22 005 00 38 904	A	10.160,62
Gtos. Premio II Concurso fotografía	22 006 00 20 048	A	2.569,90
Creación áreas autocaravanas	22 007 00 50 804	A	12.903,94
Economía Miradoiros Costa da Morte	2.2007.0050676	A	11.741,42
Economía Iluminación Moraime	22 006 00 32 967	AD	7.113,83
Economía Iluminación Sta. María das Areas.	2.2006.0032989	AD	14.183,15,
TOTAL			93.493,73

1.2 Actuacións que se dan de alta na cuarta anualidade

ACTUACIÓNS	ALTAS
Carpa de Dombate	82.203,79
Sinalización Corcubión	8.000,00
Viaxes Congreso de Turismo	2.957,50
Outros- Pendentes de determinar	332,44
TOTAL	93.493,73

1.3. Relación de actuaciones que experimentan variaciones na cuarta anualidade con referencias contables

Nº	ACTUACION	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO ACTUALIZADO	ECONOMIA GENERADA	ESTADO
	PROYECTO			(C-0)	
1	GERENCIA				
1.1	Gerencia	71.249,88	71.249,88		Finalizado
1.1	Prórroga Gerencia - 6 meses	35.624,94	35.624,94		Finalizado
1.2	Prórroga Gerencia - 2 meses	11.874,98	11.874,98		Finalizado
2	III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA	6.000,00	6.000,00		Finalizado
3	SEÑALIZACIÓN CORCUBIÓN - C	8.000,00	8.000,00		Pdte. Adjudicat
7	ÁREA DE AUTOCARAVANAS	30.000,00	0,00	30.000,00	
8	MATERIAL NÁUTICO	143.441,44	141.000,00	2.441,44	Finalizado
9	CONGRESO FINES DEL MUNDO	30.729,14	30.729,14		Finalizado
9.1	Viajes Congreso		2.957,50		
10	DOMUS ATLÁNTICA	19.867,18	19.867,18		En Ejecución
11	PLAN DE COMUNICACIÓN				
11.2	Comunicación Externa	122.910,00	122.910,00		Finalizado
11.4	Plan de Medios	168.200,00	168.200,00		Finalizado
12	MANTENIMINETO PÁGINA WEB				
12.2	Mantenimiento y Contenidos	12.000,00	12.000,00		Finalizado
13	GASTOS VARIOS	8.874,47	8.874,47		Finalizado
14	RECTORAL DE COSPINDO	100.529,99	100.529,99		En Ejecución
15	ACONDICIONAMIENTO CALDEL	18.112,00	18.112,00		Finalizado
16	PLAN DE FORMACIÓN EMPRES	10.000,00	9.900,00	100	Finalizado
17	ILUMINACIÓN MONUMENTOS				
17.1	Moraime	11.415,83	4.302,00	7.113,83	En Ejecución
17.2	Sta. Maria da Areas	38.026,11	23.842,96	14.183,15	En Ejecución
17.3	Liquidación Iluminación Ezaro	6.457,78	6.457,78		Finalizado
18	RUTA DE LOS FAROS	38.050,00	38.050,00		Finalizado
19	RUTA DE LOS MIRADORES	88.025,00			
19.1	Mirador de Aves en Cabana		16.000,00		Finalizado
19.2	Miradores en Ponteceso, Muxía y Zas		57.731,00		En Ejecución
19.3	Dirección de obra		5.149,25		
20	SEÑALIZACIÓN PATRIMONIAL	40.643,00	40.643,00		En Ejecución
21	ILUMNIACIÓN TORRES DO ALL	90.008,43	0,00	28.365,37	
21.1	Informe arqueologo				
22	RECTORAL DE GOLMAR				
22.1	Obra	435,03	435,03		Finalizado
22.2	Dirección de obra	24,6	24,6		Finalizado
23	LIQUIDACIÓN MUSEO BERGANTIÑOS		7.830,51		Finalizado
24	MAR DE ANLLÓNS	140.000,20	200.000,00		En licitación
0	Presupuesto sin comprometer				
	TOTAL	1.250.500,00	1.168.296,21	82.203,79	

Anexo:

Relación de actuacións que experimentan variacións na cuarta anualidade con referencias contables.

Código proxecto: 2003 3 800010 8 Aplicación orzamentaria 2007 0305 751 A

Actuación	Nº de operación	Fase	BAIXAS	ALTAS
RC	2.2007.0020193	RC	662,71	
RC	2.2006.9000021	RC	650,16	
Rest. Mobil. Museo Forno do Forte	22 003 00 26 111	A	23.508,00	
PDT Costa da Morte. Iluminación	22 004 00 16 690	A	5.000,00	
Aproba. Contra. Redac. Prox. Iluminación.	22 005 00 38 903	A	5.000,00	
Mobiliario e Accesos	22 005 00 38 904	A	10.160,62	
Gtos. Premio II Concurso fotografía	22 006 00 20 048	A	2.569,90	
Creación areas autocaravanas	22 007 00 50 804	A	12.903,94	
Economía Miradoiros Costa da Morte	22 007 0050676	A	11.741,42	
Economía Iluminación Moraima	22 006 00 32 967	AD	7.113,83	
Economía Iluminación Sta. María das Areas.	22 006 00 32 989	AD	14.183,15,	
Carpa de Dombate				82.203,79
Sinalización Corcubión				8.000,00
Viaxes Congreso de Turismo				2.957,50
Outros pendente de determinar				332,44
Total			93.493,73	93.493,73

2.- O presente acordo queda condicionado á previa realización das seguintes actuacións contábeis:

1ª A anulación dos documentos contábeis que a continuación se indican:

Nº DE OPERACIÓN	DOCUMENTO CONTABLE	IMPORTE
220069000021	RC	650,16
220070020193	RC	662,71
220070045582	RC	182.903,94
220030026111	A	23.508,00
220040016690	A	5.000,00
220050038903	A	5.000,0
220050038904	A	10.160,62
220060020048	A	2.569,90
220070050676	A	11.741,42
220070050804	A	30.000,00
220060032967	AD	7.113,83
220060032989	AD	14.183,15
	SUMA TOTAL	293.493,73

2º A tramitación e formalización das economías que se indican desguído:

220060032967	AD	7.113,83
220060032989	AD	14.183,15

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á Partida 0305 751A 628.00.”

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA E.P. 3002 DA MOURA A BENS, A CORUÑA (CÓDIGO 0511300018.0) (CÓDIGO DO REFORMADO 0511300018.1) .

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO, SEGURIDADE VIARIA E AFIRMADO DA E. P. 3002 DA MOURA A BENS, A CORUÑA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300018.1) polo seu orzamento de contrata de 1.097.940,61.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 104.586,50.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, SEDESA OBRAS Y SERVICIOS S. A. E GERPE CONTRATAS Y CONSTRUCCIONES, S.L. UTE MOURA, CON CIF/NIF: G70107008, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 878.791,66.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 83.711,03.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 16.742,21.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 175.758,34.- EUROS.”

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN DO CENTRO CÍVICO SOCIAL E BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN” DO CONCELLO DA CORUÑA, INCLUÍDA NO PLAN DE GRANDES CIDADES 2005, CÓDIGO 05.3220.0001.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “AMPL. C. CÍVICO SOC. E BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN” do Concello da Coruña, incluída no Plan de grandes cidades 2005, co código 05.3220.0001.0. O proxecto reformado implica un

incremento no seu presuposto de contrata e de adxudicación, tal e como se indica a continuación, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

CÓDIGO:	2005.3220.0001.0		
OBRA:	AMPL. C. CÍVICO SOC. BIBLIOTECA CASTRILLÓN		
SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	2.000.000,00	2.000.000,00	0,00
CONCELLO	805.505,06	1.365.372,23	559.867,17
TOTAL	2.805.505,06	3.365.372,23	559.867,17

CÓDIGO:	2005.3220.0001.0		
OBRA:	AMPL. C. CÍVICO SOC. BIBLIOTECA CASTRILLÓN		
SOBRE O ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	1.798.048,19	1.798.048,19	0,00
CONCELLO	0,00	358.818,88	358.818,88
TOTAL	1.798.048,19	2.156.867,07	358.818,88

6.-APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E AO MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO PARA O PROXECTO DENOMINADO “CONCELLOS 2ª FASE: PRESTACIÓN DE SERVIZOS AO CIDADÁN CON TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA” QUE SE INTEGRA NO PLAN DE MODERNIZACIÓN 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o Real decreto 1263/2005 do 21 de outubro, que modifica ao Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, desenvolvido mediante Orde ministerial do 31 de xaneiro de 2006, na que se regula a liña de subvención de cooperación económica local

do Estado denominada “proxectos de modernización administrativa local”, a través da utilización de tecnoloxías da información.

Vista a Resolución do 4 de marzo de 2008, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións para a Sociedade da Información, pola que se efectúa a convocatoria para a concesión de axudas para a realización de proxectos e accións da acción estratéxica de Telecomunicacións e Sociedade da Información dentro do Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2008-2011 (BOE nº 58 do 7 de marzo de 2008), en relación coa Orde ITC/464/2008, do 20 de febreiro pola que se regulan as bases, o réxime de axudas e a xestión da Acción Estratéxica de Telecomunicacións e Sociedade da Información dentro do Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, 2008-2011. (BOE nº 49, do 26 de febreiro de 2008).

Visto o proxecto denominado “Concellos 2ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña” cun orzamento total de 1.200.000,00 €.

1.- Solicitar subvención ao Ministerio de Administracións Públicas dentro da liña cooperación económica local denominada “proxectos de modernización administrativa local” da anualidade 2008, e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ao abeiro da convocatoria de axudas realizada mediante Resolución do 04/03/2008 da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, para o proxecto denominado “Concellos 2ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña” cun presuposto de 1.200.000,00 €.

Dado que a subvención total do Estado destinada ao cofinanciamento dos proxectos de modernización poderá acadar até o 50% do importe do proxecto, o importe das subvencións do Ministerio de Administracións Públicas e do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que se solicitan, é o que a continuación se indica:

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL 2008				
Denominación	Orzamento	MAP 20,80 %	Ministerio de Industria 29,20 %	Deputación 50%
Concellos 2ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña	1.200.000,00	250.000,00	350.000,00	600.000,00

2.- Comprometerse a incluír no próximo expediente de modificación de créditos desta deputación, a cantidade necesaria para o financiamento deste proxecto, de acordo co cadro de financiamento indicado.

Declarar, que non existen axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas o provenientes de fondos comunitarios.

3.- Remitir o expediente completo ao Ministerio de Administracións públicas e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para os efectos de solicitar as correspondentes subvencións ao abeiro das súas respectivas convocatorias antes indicadas.

4.- Facultar ao presidente desta deputación para a execución de todo o relacionado co presente acordo.”

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO EN LUOU” DO CONCELLO DE TEO INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO: 06.2100.0338.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Saneamento en Luou**” do Concello de Teo, incluída no POS 2006 co código: 06.2100.03 38.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da deputación e do Estado”

“Saneamento en Luou” (Concello de Teo) Código: 06.2100.0338.0			
	Proxecto inicial	Proxecto Reformado	Diferenza
Deputación f.p.	19.424,38	19.424,38	0,00
Deputación préstamo	19.904,23	19.904,23	0,00
Estado	6.972,10	6.972,10	0,00
Concello	2.436,88	17.382,28	14.945,40
TOTAL	48.737,59	63.682,99	14.945,40

8.-DAR CONTA DO EXPEDIENTE QUE CONTÉN A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2007 DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Dáse conta ao Pleno do expediente que contén a liquidación do orzamento do exercicio 2007 do Consorcio contra incendios e salvamento da provincia da Coruña.

9.-DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2008 DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA PROVINCIA DA CORUÑA E DA FUNDACIÓN PÚBLICA DA AXENCIA DA ENERXÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA E DO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL.

Dáse conta ao Pleno dos expedientes de aprobación dos orzamentos do exercicio 2008 do Consorcio contra incendios e salvamento da provincia da Coruña e da Fundación Pública da Axencia da Enerxía da provincia da Coruña e do informe da Intervención Xeral.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Farjas Abadía

Bos días a todos. Traiamos no mes de outubro un rogo sobre a dotación da renovación das aulas informáticas dos concellos, a verdade é que agradecemos que despois desta iniciativa, deste rogo, se incluíse o orzamento dentro do Orzamento para o exercicio orzamentario 2008, non obstante, seguimos mantendo peticións e chamadas de distintos concellos nos cales nos piden que se aceleren os trámites de renovación porque están tendo serias dificultades para poder acollerse ás propostas de cursos de informáticos porque as dotacións en máis dun 50% deles, nalgunha sondaxe que eu fixen, ou son obsoletos ou son claramente obsoletas as versións das aplicacións informáticas que teñen, entón era un recordatorio porque si que nos están chamando solicitándoo.

E a seguinte tamén é en relación a unha petición que, ademais, no recoñecemento do bo traballo que se está facendo dentro do proxecto Interea, porén comentábanme, e eu creo, revisei despois a web, e eu creo que podía ser unha boa iniciativa que dentro da web se inclúa o acceso aos PDF de todas as publicacións da deputación. Están ben identificadas as publicacións oficiais e á venda, con posibilidade de as solicitar, pero a verdade é que é unha perda de oportunidade, unha boa ferramenta, como é a web da deputación, o que non se inclúa o acceso á consulta á propia publicación e, sobre todo, en publicacións destas características que merecen claramente o recoñecemento dos profesionais que as están utilizando e que máis ben se queixan de que adoce dunha difusión suficiente. Moito máis económico, evidentemente, a publicación a través da páxina web e, desde logo, facilita o acceso e mellora a difusión das publicacións oficiais da deputación. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. Farjas. Con respecto á primeira pregunta, ou o primeiro rogo, non sei o que era, creo lembrar que hai no Orzamento deste ano unha partida de 300.000 euros para a renovación de aparellos informáticos en aulas municipais, supoño que é un tema de xestión, estarán tramitando a adquisición dos equipos informáticos novos, non podemos facer moito caso ao tema das cuestións obsoletas porque en informática o que hoxe é última tecnoloxía, dentro de oito meses, xa está desfasado. Non imos discutir sobre iso, sobre o tema da obsolescencia das cuestións informáticas, en calquera caso, a súa pregunta, o seu rogo, queda respondida no sentido de que hai unha partida de 300.000 euros destinada a adquirir equipos informáticos para as aulas municipais dos

concellos, e con respecto ao segundo, falarei coas persoas que levan a web, pero pódese facer unha lingazón que comunique coa documentación que vostede dicía.

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.